




O valor social dos intereses



Nunha situación de crise económica como a que vivimos, as persoas e organizacións tendemos a sentirnos inseguras e a protexer o pouco ou moito que temos, por medo a perdelo. Porén, hai algunhas que nos seguen dando leccións, máis intensas se cabe, canto máis difícil é a situación.

Pór o valor do diñeiro, absoluto para a nosa sociedade, no seu sitio,

recuperándoo como medio, e non como fin en si mesmo, non é nada fácil. E iso pretende a humilde contribución da libreta redes: recordarnos a quen temos a sorte de contar cun emprego e cuns pequenos aforros, que o noso bienestar non depende dos intereses financeiros.

Non se trata só de evitar entrar na dinámica de buscar quen me dá un 0,25% adicional, sen saber moi ben a cambio de que, senón de renunciar ao cento por cento do interese, sexa este o que sexa, para que se utilice en apoiar aquelas organizacións e persoas que traballan en proxectos que necesitan recursos a fondo perdido para avanzar.

Nesta dinámica, cada vez máis persoas depositan os seus aforros coa certeza de mantelos no tempo,

e coa confianza de ser empregados en proxectos que promoven os seus mesmos valores. Algúns deles ademais, renunciando á percepción dos intereses.

Os proxectos que poden apoiarse, son elixidos pola persoa titular da libreta de entre unha listaxe xerada coas iniciativas promovidas polas nosas persoas e organizacións socias en cada punto do territorio. Hainas de diferentes ámbitos xeográficos, sectores de intervención, etc. O seu único compromiso é utilízalo ben e informar e o noso canalizar os fondos. Non hai contraprestación adicional, nin publicitaria, nin de ningún outro tipo. Somos o que facemos, non o que contamos, aínda que teñamos que dar contas de como e por que o facemos.

Algúns datos

Esta é a foto de peche do exercicio 2010. Hai datos que resultan complexos, sobre todo este exercicio. Por unha banda, sempre están as libretas abertas durante o ano, especialmente ao final, que non producen apenas impacto nos intereses, aínda que si no volume. Por outra, as libretas abertas teñen diferentes tipos de intereses en función de cando foron abertas (as máis antigas, a tipos altos vixentes na data da sinatura, as novas moito máis baixos).

Ano 2009	Número libreta	Saldo	Doazón
Bilbao	116	859.364	13.645
Barcelona	37	579.661	3.544
Madrid	39	887.828	2.163
Total	192	2.326.853	19.352

Con respecto ao ano 2009, pódese observar un incremento superior ao 50% no número de libretas, ao 35% no volume aforrado, que non puido manter o volume de doazóns pola baixada dos tipos de interese.

Ano 2010	Número libreta	Saldo	Doazón
Bilbao	185	1.357.637	9.617
Barcelona	52	714.587	4.445
Madrid	67	1.121.810	4.202
Total	304	3.194.034	18.264

Con todo, o compromiso é extraordinario, e un orgullo para Fiare poder propor esta opción á súa clientela e ter semellante resposta. Non podemos esquecer que supón máis do 20% das nosas libretas e do noso crecemento en aforro.

Novas incorporacións

Respecto ao Etikum sobre o mesmo particular que enviamos hai agora 2 anos, destaca unha nova incorporación, a do tándem Oikocredit/Conosud. Destaca por dúas razóns diferentes. É a primeira vez que 2 organizacións se poñen de acordo para presentar un proxecto conxunto, polo que os importes recadados se distribúen ao 50%. Por outra parte, ambas participan no Sur en proxectos microfinanceiros, de diversa forma. Tanto Oikocredit Catalunya como CONOSUD son socios de Fiare Catalunya.

OIKOCREDIT

Catalunya é unha asociación creada por iniciativa de diversas ONG catalás o 31 de xaneiro de 2000 para darlle apoio a OIKOCREDIT Internacional.



A ONG catalá CONOSUD cos fondos que recibe da libreta redes apoia o seu Programa Apoio a Institucións Latinoamericanas de Microfinanzas Solidarias.

O principal obxectivo da Asociación é a captación de fondos no noso país para investilos en OIKOCREDIT Internacional. O diñeiro que os socios partícipes de OIKOCREDIT Catalunya invisten serven na súa totalidade para que a Asociación compre accións de OIKOCREDIT Internacional. Deste xeito o diñeiro destínase totalmente ao financiamento de proxectos de desenvolvemento en países do Terceiro Mundo en forma de préstamos.

OIKOCREDIT Internacional é unha sociedade cooperativa fundada hai máis de 25 anos, de ámbito mundial, que lles outorga créditos a centenas de organizacións locais do Terceiro Mundo que habitualmente non poden acceder aos créditos da banca tradicional.

OIKOCREDIT Internacional presta apoio financeiro en forma de créditos tradicionais e de microcréditos, para o desenvolvemento de iniciativas produtivas que os interesados presentan nas diversas oficinas que OIKOCREDIT Internacional ten en África, América Latina e Asia. Todos os proxectos deben dirixirse ao colectivo de persoas máis desfavorecidas, a fomentar a promoción da muller dentro das organizacións, a garantir o respecto do medio ambiente e teñen que basearse preferentemente nunha estrutura cooperativista.

En canto á estrutura organizativa de OIKOCREDIT, Catalunya ao tratarse dunha asociación, e tal como se indica nos correspondentes estatutos, anualmente celébrase unha Asemblea de Socios, onde todos os socios teñen un voto, independentemente do importe dos seus investimentos.

A Asemblea de Socios é o órgano decisorio da Asociación e é función súa analizar e decidir sobre todos os aspectos relevantes na marcha da Asociación. É tamén función súa escoller os socios que formarán a Xunta directiva, órgano encargado de dirixir a Asociación.

Desde CONOSUD entendemos que o crédito, e o dereito das persoas ao seu acceso, constitúe un poderoso instrumento para actuar a favor do desenvolvemento e para traballar contra a exclusión nos países do Sur. Como demostra a evidencia empírica, unha das razóns de que moitas persoas se atopen en situación de pobreza e de dependencia radica precisamente nesa falta de acceso ao crédito para a realización de investimentos produtivos e de xeración de renda. Por outra banda, coa actual crise financeira xeneralizada no ámbito global, estase constatando o incremento das dificultades dos sectores populares destes países para poder dispor de pequenos créditos que lles permitan superar a súa situación de exclusión.

O Programa “Apoio a institucións latinoamericanas de microfinanzas solidarias”, estruturado en Proxectos e accións concretas realizados con actores diversos, pretende cooperar desde CONOSUD coas institucións colectivas de microfinanzas solidarias creadas por actores sociais latinoamericanos do ámbito de actuación xeográfico da Asociación. No referido aos recursos recollidos a través das doazóns da Libreta redes, estamos falando do apoio ao Proxecto de fortalecemento do fondo de microcréditos solidarios de UNISOL Finanzas de Brasil.

O Proxecto de Fortalecemento do Fondo de microcréditos solidarios de UNISOL Finanzas pretende contribuír a incrementar a capacidade financeira desta entidade para a concesión de microcréditos solidarios (destinados a capital xiro e/ou investimento produtivo) ás cooperativas e emprendementos solidarios afiliados a UNISOL Brasil, que teñen importantes dificultades, ou pura imposibilidade, para obtelos na estrutura financeira tradicional brasileira. Estes créditos realízanse con intereses notablemente inferiores aos do mercado financeiro tradicional (aproximadamente entre 20/25 puntos de taxa de interese anual inferior con relación á do mercado).

Para máis información : www.conosud.org

Para máis información: www.oikocreditcatalunya.cat